



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

MEMORIA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE FACENDA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATAR OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA E OUTROS.

O Concello de Bueu ten actualmente contratados os servizos complementarios de colaboración e asistencia técnica, material e informática na xestión tributaria, censal, inspectora e recadatoria, tanto en período voluntario coma executivo da totalidade dos ingresos municipais de dereito público, así como a colaboración e asistencia en materia de xestión catastral.

Considerando que o contrato que ampara as citadas prestacións remata o día 31 de maio de 2016, e sendo preciso prever con antelación a cobertura dos citados servizos.

Considerando que o Concello de Bueu, como poñen de manifesto reiterados informes da Tesourería municipal (o último de data 25 de febreiro de 2014 no que se remite ós anteriores), non conta actualmente cos medios persoais e materiais necesarios para a realización destas tarefas por si mesmo nas mesmas condicións no que o fai a empresa adjudicataria do servizo (aplicacións informáticas adecuadas, espacio físico, persoal de atención ó público, asistencia en convenio de colaboración subscrito co Catastro, etc.,...) e que tal circunstancia fai conveniente a continuidade no tempo da execución do contrato e termos similares.

Considerando asemade a necesidade de mellorar a xestión na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de tráfico, que precisan dun adecuado seguimento e control, e ante as dificultades técnicas e de desenvolvemento doutras tarefas por parte da Policía Local, é preciso engadir ó obxecto do contrato as tarefas relativas ó apoio na xestión dos citados expedientes, de crecente volume nos últimos anos.

Finalmente considerando a importancia cualitativa e cuantitativa das tarefas obxecto do contrato e para evitar o trastorno que podería supoñer para o correcto funcionamento do Concello a interrupción no seu desenvolvemento, tendo en conta o marco normativo de obrigado cumprimento en materia tributaria e de sancións de tráfico, así coma a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das competencias municipais, considérase xustificada a necesidade proceder á contratación destes servizos públicos.

Bueu, 14 de outubro de 2015

O Concelleiro Delegado de Facenda Municipal, Modernización da Administración Local e
Réxime Interior.

José Inocente García Cuervo.